

COMUNICADO Nº 039/23

28 de febreiro de 2023

❑ **NOVOS PREZOS DE LICENZAS.**

.- LICENZA DE ASISTENCIA:

Para participar en competicións deportivas oficiais de Galicia, deixa de ser obrigatorio o estar en posesión da licenza asistencia expedida pola Federación Galega de Automobilismo para a tempada que corresponda, aínda que será recomendable a súa tramitación para actuar como asistencias nas probas deportivas. Ter unha idade mínima de 18 anos no momento da solicitude da licenza.

.- LICENZA EXCLUSIVA PILOTO SENIOR AUTOCROSS:

Será válida para toda persoa física que queira participar como piloto en probas exclusivamente de Autocross e ter unha idade mínima de 18 anos no momento da solicitude da licenza restrinxida para a especialidade de autocross.

TRAMITACIÓN:

- 1- Os solicitantes das licenzas deberán realizar e cubrir a súa solicitude a través da páxina web da Federación Galega de Automobilismo (www.fga.es), no enlace habilitado ó efecto.
- 2- Para a tramitación de calquera licenza é necesario aportar unha fotocopia de ambas caras do documento nacional de identidade ou pasaporte do solicitante o que implica a autorización para o aseguramento.
- 3- Para a tramitación de calquera licenza é necesario aportar o consentimento expreso para o tratamento de datos de carácter persoal coa sinatura do solicitante o que implica a autorización para a cesión de datos.
- 4- Para a tramitación da solicitude é imprescindible o pago do custe establecido para cada tipo de licenzas que se realizara mediante transferencia bancaria á conta da F. G. de A. detalladas na solicitude ou pago con tarxeta de débito/crédito, o que deberá acreditarse con remisión do xustificante de abono correspondente.

PREZO DAS LICENZAS		
ASISTENCIA (opcional)	60 €	AS
PILOTO SENIOR AUTOCROSS	180 €	ESA